



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/22

Departamento de Tecnoloxía

Esta adenda xorde da necesidade de contextualizar a Programación Didáctica Anual aos cambios no procedemento de avaliación ordinaria e extraordinaria por mor da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación no ensino de primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachalerato no sistema educativo de Galicia.

1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN	
1.1. AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO	
Alumnado coa materia superada ao longo das tres avaliacións parciais	<p>Propoñeránselle a realización e entrega de actividades de ampliación dos contidos de todo o curso durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.</p> <p>Dita nota final está formada por dúas partes, un <u>90%</u> á nota media obtida ao longo das tres avaliacións, e o <u>10%</u> restante será o citado anteriormente. A nota final será a media ponderada das dúas calificacións, redondeada ao número enteiro máis próximo.</p>
Alumnado con algunha parte da materia suspensa	<p>Propoñeránselle a realización e entrega de actividades de reforzo dos contidos non superados durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.</p> <p>O alumno terá que facer unha proba escrita sobre os contidos non superados, a realizar antes da avaliación final.</p> <p>A nota da/s partes non superadas será a media ponderada da proba escrita (<u>70%</u>) e das actividades de reforzo (<u>30%</u>)</p> <p>A nota final será a media ponderada de cada avaliación redondeada ao número enteiro máis próximo.</p> <p>NOTA: Non se fará media con notas inferiores a 3 puntos tanto na/s proba/s escrita/s como nas actividades de reforzo, salvo que o motivo xustificativo sexa de causa maior (situación sanitaria, enfermidade, etc)</p>
Alumnado con toda a materia suspensa.	<p>Para o alumnado que non teña superada ningunha das avaliacións parciais da materia ao longo das tres avaliacións parciais, propoñeránselle a realización e entrega de actividades de reforzo dos contidos de todo o curso durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.</p> <p>Antes da avaliación final o alumnado terá que facer unha proba escrita sobre os contidos de todo o curso.</p>

	<p>A nota final será a media ponderada da proba escrita (<u>70%</u>) e das actividades de reforzo (<u>30%</u>)</p> <p>NOTA: Non se fará media con notas inferiores a 3 puntos tanto na/s proba/s escrita/s como nas actividades de reforzo, salvo que o motivo xustificado sexa de causa maior (situación sanitaria, enfermidade, etc)</p>
<p>2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES (Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO)</p>	
METODOLOXÍA	A mesma que foi utilizada ao longo do curso escolar
ACTIVIDADES	Similares as levadas a cabo durante o curso escolar
MATERIAIS E RECURSOS	Similares aos utilizados durante o curso escolar